

MARÍA VICTORIA MORENO

A escritora María Victoria Moreno Márquez, filla de Vicente, militar, e Sara, mestra, naceu na cidade cacereña de Valencia de Alcántara o 1 de maio de 1939.

Estudou o bacharelato en Barcelona e Filoloxía Románica na Universidade Complutense de Madrid cos profesores Rafael Lapesa e Dámaso Alonso.

Con 22 anos trasladouse a Galicia para dar clases de Lingua Española en institutos de Lugo, Sanxenxo e Pontevedra. Nesta cidade traballou nos IES «Valle Inclán» e «G. Torrente Ballester».



M^a Victoria foi codirectora da Colección Árbore de literatura infantil da Editorial Galaxia, que daquela dirixía Carlos Casares. Un dos primeiros libros publicados por Árbore foi «Anagnórise», do que M^a Victoria era a autora.

Foi unha gran defensora do galego, idioma no que escribiu a gran maioría da súa obra literaria.

A súa primeira publicación foi «Mar Adiante», en 1973. Dous anos despois, gañou o 1^o Premio do Concurso de Contos Infantís O Facho coa obra «O cataventos».

A súa produción literaria en galego é enorme e a maioría adicada aos lectores máis novos: «Anagnórise», «Leonardo e os fontaneiros», «E haberá tirón de orellas?», «Guedellas de seda e liño», «Eu conto, ti cantas», «A brétema»...

O 22 de novembro de 2005, aos 66 anos, finou no Hospital Provincial de Pontevedra.

A Real Academia Galega adícalle este ano o Día das Letras.

EU CONTO, TI CANTAS...


Maria V. Moreno

Correcamiños naceu
na beiravía da estrada
onde un home malo e feo
botara a cadela branca,
que levaba na barriga
seis cadeliños de nata.

Eran todos seis moi brancos,
moi bonitiños, e foi mágoa
que ninguén os recibise
e ninguén lles dese casa.

Cousas tristes desta vida
que apesaran cando pasan...
Mais tanto a nai coma os fillos
eran felices, xogaban
e, dentro do que é ser pobres,
non lles faltaba de nada.

A nai buscaba a comida
e dábase moita maña
para aquelar os cativos
ao tempo que os aleitaba.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS


17 DE MAIO 2018



**MARÍA
VICTORIA
MORENO**

(1939-2005)

Seminario Galán.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA